

Data de elaboración: 2 de abril de 2020

ANÁLISE PARCIAL DO RDL 11/2020 DE MEDIDAS URXENTES E COMPLEMENTARIAS

Esta análise céntrase nos compoñentes económicos –non laborais- e xurídicos que, entendemos, poden ter máis relevancia para organizacións, empresas e autónomos..

No seguinte [link](#) poderás atopar a nota de prensa posterior ao Consello de Ministros que aprobou este RDL.

1. CAPÍTULO I: Medidas de apoio aos traballadores, consumidores, familias e colectivos vulnerables:

1.1. Medidas dirixidas a familias e colectivos vulnerable.

Céntranse en **arrendamentos** (moratoria da débeda arrendaticia) e **préstamos con e sen garantía hipotecaria** (moratoria hipotecaria e do crédito de financiamento non hipotecario), incluíndo a fiadoras e avalistas; en **garantía de subministracións de enerxía eléctrica, gas e auga na vivenda habitual**; e **engaden medidas específicas para determinados colectivos** (bono social para autónomos e autónomas, subsidio extraordinario para empregados e empregadas de fogar e subsidio extraordinario por fin de contrato temporal).

1.2. Sección 2ª Medidas de apoio aos autónomos.

Esta sección, a pesar de nomear exclusivamente aos autónomos, desenvolve todas as medidas tanto para autónomos como para pemes no ámbito das cotizacións.

1.3. Sección 3ª Medidas de protección dos consumidores.

Destaca o **dereito de resolución de determinados contratos sen penalización** por parte dos consumidores e usuarios, con trato diferenciado para servizos de tracto sucesivo e contratos de viaxe combinada.

2. CAPÍTULO II: Medidas para soste a actividade económica ante as dificultades transitorias consecuencia do COVID-19

2.1. Sección 1.ª Apoio á industrialización.

Nesta sección abórdanse, **exclusivamente, medidas de flexibilidade** que afectan a empresas que teñan préstamos concedidos pola **SGIPYME**, que poidan verse beneficiadas de axudas concretas a realizar por parte de **ICEX España** ou por parte do programa **EMPRENETUR**.

2.2. Sección 2ª Flexibilización en materia de suministros para Pemes e autónomos s.

Permitirase que as **pemes e os autónomos** poidan **modificar** os **termos** dos seus **contratos** de suministro eléctrico, durante o período do estado de alarma, con accións como a **suspensión temporal** da subministración, a **contratación doutra oferta** co comercializador, a solicitude de **cambios de potencia** ou **peaxe**, etc. No caso da solicitude da suspensión do contrato de subministración, o consumidor poderá solicitar a súa reactivación, ata tres meses despois da finalización do estado de alarma.

Aplicaranse **medidas similares** ás anteriores para os contratos de **subministración de gas natural**.

Excepcionalmente, mentres dure o estado de alarma, os autónomos e pemes poderán solicitar ao seu subministrador (fundamentalmente de enerxía eléctrica e gas natural) unha **suspensión do pago** das súas facturas (que correspondan a períodos de facturación dentro do estado de alarma e polos días que estean dentro deste período) por todos os seus conceptos facturables.

Unha vez finalice o estado de alarma, a **cantidade pendente** de abono cobrarase ao cliente rateada, sen intereses, **nos seis meses** seguintes ao devandito fin (durante ese período no se poderá cambiar de comercializadora).

Recomendase consultar **webs de comercializadoras** porque entendemos que, nelas, aplicaranse os procedementos para todas estas cuestións

3. CAPÍTULO III: Medidas no ámbito do sector público

Destacamos este [link](#) para complementar a análise de este capítulo.

De especial interese para o ámbito deste boletín resultan:

1. a **suspensión** de **prazos** no ámbito **tributario** das **Comunidades Autónomas** e das **Entidades Locais** de aplicación aos procedementos iniciados antes do 18 de marzo de 2020.
2. as medidas en materia de **subvencións** e **axudas públicas**, que permiten contar coa **posibilidade** de **modificar** e **ampliar prazos** de **execución** e tamén de **xustificación** da **actividade** subvencionada ou conveniada.

4. OUTRAS MEDIDAS

De entre as múltiples disposicións dispersas entre as adicionais, transitorias e finais pódense destacar:

Disposición adicional novena: **aclara o prazo** para **recorrer** en **vía administrativa**, que fará que, en xeral, os prazos de recurso renovaranse automaticamente e desde o principio, e o primeiro día dese prazo será o día hábil seguinte á data de finalización da declaración do estado de alarma, sen prexuízo de especialidades que poida haber, en particular no ámbito tributario.

Disposición adicional undécima: habilitase unha **medida provisional** para a **emisión de certificados electrónicos** cualificados mentres dure o estado de alarma en base a métodos de identificación por videoconferencia. Estes certificados revogaranse automaticamente ao finalizar o estado de alarma.

Disposición adicional décimo terceira: habilítanse **regras** aplicables aos **contratos** de traballo subscritos con **cargo** a financiamento de **convocatorias públicas** de recursos humanos no ámbito da **investigación** e á integración de persoal contratado no Sistema Nacional de Saúde.

Disposición adicional décimo cuarta: **interpretación** específica do compromiso de **mantemento do emprego** nas **empresas** dos sectores das **artes** escénicas, musicais e do cinematográfico e audiovisual.

Disposición adicional vixésima: en determinadas condicións, prazos e contías poderase **dispoñer dos plans de pensións** en caso de desemprego ou cesamento de actividade.

A Disposición final primeira **modifica** varios contidos do Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, destacando:

1. a **prestación extraordinaria** por cesamento de actividade no seu **artigo 17**.
2. a **contratación pública** regulada no **artigo 34**, eliminando o automatismo da suspensión e regulando de xeito diferenciado a suspensión total e a suspensión parcial do contrato, ademais de aclarar que os **gastos salariais** indemnizables **incluirán** os relativos ás **cotizacións á Seguridade Social**.
3. as **medidas extraordinarias** aplicables ás **persoas xurídicas** de Dereito privado do **artigo 40** facilitando aínda máis as reunións de órganos de goberno e outros, e aclarando detalles da súa regulación.

Como neste RDL 11/2020 modifícanse artigos do RDL 8/2020 que xa abordamos noutros boletíns anteriores, volveremos analízalos para avaliar a súa reedición e reenvío.

Este RDL entra en vigor hoxe mesmo, 2 de abril de 2020.

Adicionalmente indicaremos na nosa ferramenta diaria algúns links a webs que abordan esta información de maneira complementaria.

Servizo económico e xurídico de Algalia
2 de abril de 2020